



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

INGLÉS

CURSO: 5º PRIMARIA

ANO ACADÉMICO: 2020/2021

Contenido

1. CONTEXTO.....	3
• ALUMNADO	3
• OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO	4
2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	5
• PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.....	5
• SECUENCIACIÓN DA MATERIA DO CURSO 5º DE EP:.....	5
3. METODOLOXÍA PRESENCIAL.....	18
• Aspectos xerais:	18
• Estratexias metodolóxicas	18
• Exemplo de secuenciación de traballo na aula	19
• Outras decisións metodolóxicas:	20
4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:.....	21
5. AVALIACIÓN.....	21
• AVALIACIÓN INICIAL	21
• AVALIACIÓN CONTINUA	21
• CRITERIOS DE AVALIACIÓN	23
• CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:	32
6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	32
7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	33
• INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	33
• INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE	33
8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	34
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	34
• MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS.....	35
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	36

1. CONTEXTO

- CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- ALUMNADO

Poboación inmigrante:

Non hai poboación inmigrante neste nivel

Alumnado con NEAE no curso actual:

Hai alumnado neste curso que necesitará adaptacións non significativas na materia por casos de TEA ou dificultades de aprendizaxe. Necesitarán actividades de reforzo e adaptación de materiais e tempos.

Outro alumnado necesita adaptación curricular significativa

Outras características:

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

- PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

O curso pasado entregouse a xefatura de estudos as aprendizaxes imprescindibles que quedaban sen avaliar, que neste caso, non houbo, porque os estándares que se consideraron imprescindibles estaban traballados e avaliados.

Este curso no 1º trimestre repasaremos o traballado en 4º, e introduciremos os contidos referentes ao vocabulario que non se deron o curso pasado pero dende un enfoque de 5º.

O alumnado que non superou a materia o curso pasado ten un plan de reforzo específico, que se levará a cabo.

- SECUENCIACIÓN DA MATERIA DO CURSO 5º DE EP:

Debido a que estamos falando da aprendizaxe dunha lingua os bloques son traballados simultaneamente en todas as leccións, aínda que non avaliados en todas. Pódese ver no apartado de avaliación os estándares que se avaliarán en cada trimestre.

Na seguinte táboa pódese ver o tema que se traballará en cada lección e que aspectos do bloque 5 se van traballar máis especificamente, xa que os contidos dos bloques 1, 2, 3 e 4 traballaranse practicamente todos en cada unha delas.

UD TEMA PROXECTO	CONTIDO		Material de referencia específico	Temporalización	
				Trimestre	Mes/ Número de sesións
	BLOQUE 5 *				
Unit 1. SCHOOL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe. - Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación. - Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna. 		1º TRIMESTRE	Set- 19 de outubro 15 sesións
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais. - Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas. 			

		<ul style="list-style-type: none"> - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, a data eta. - 		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What's his/her favourite (subject)? His/her favourite (subject) is..., When is your birthday? My birthd - Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday)...). - Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico, as horas e as datas (What date is it today?...). - - Expresión de cantidade: contar desde 1 a 1000. e 1st (1st), twenty-fifth (25th)... 		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Número ordinais ata 2 díxitos - Número cardinais ata 1000 - Días da semana - Materiais escolares - A hora - Tempo atmosférico - Días da semana, meses, estacións do ano 		
Unit 2. After school	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Coñecemento dalgunhas similitudes 		<p>19 Out- nov-18 decembro</p> <p>21 sesións</p>

		<p>e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe. - Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación. - Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias. - Expresión de desexos. - Formulación de preguntas sobre o desexo. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de sorpresa, agrado... (What fun!; How nice!...). - Preguntas e respostas curtas, en primeira e terceira persoa de singular, sobre actividades diarias, de lecer etc. (Do you (play tennis)?, Yes, I do / No, I don't). - Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc. (I (have lunch((at half past eight), I (listen to music),I don't...). 			

		<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de desexos (I want to (make a cake). - Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)). 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Hora - Deportes, equipamentos deportivos, - Actividades ao aire libre - Instrumentos musicais - Accións 			
Unit 3. Town and directions	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe. - Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación. - Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna. 		2º TRIMESTRE	11 Xaneiro-12 febreiro 15 sesións
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais. - Expresión de instrucións habituais e indicacións de dirección, en afirmativa e negativa. 			

		<ul style="list-style-type: none"> - Expresión de existencia. - Realización de preguntas sobre a existencia de algo. - Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares... - Expresión de instrucións. - Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Saúdos, agradecementos, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine, thanks...). - Expresión de instrucións habituais e indicacións de direccións, en afirmativa e negativa (Fold the paper, turn (on the left)). - Expresión de existencia (There is a (library) / There are lots of (parks) / There isn't / There aren't...). - Preguntas e respostas sobre a existencia de algo (Is there a (cinema)?, Yes there is, No here, isn't, Are there lots of (gyms)?, Yes there are, No, there aren't). - Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to). 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Preposicións - instrucións habituais e indicacións de dirección - Lugares da cidade 			
Unit 4. Family history	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e 			<p>22 febreiro- 25 marzo</p> <p>15 sesións</p>

		<p>uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe. - Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación. - Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado. - Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado. - Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala. - Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala. - Expresión de existencia. - Realización de preguntas sobre a existencia de algo. - 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: 	<ul style="list-style-type: none"> - Preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado (Are you...?, Yes, I am/No, I'm not, Is 			

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<p>he/she...? Yes, he/she is/No, he/she isn't, Were you...?, Yes, I was/No, I wasn't, Was he/she...? Yes, he/she was/No, he/she wasn't).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala (What are you doing?, I'm (playing), What is he doing?, She's/he's (speaking)). 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Profesións - Partes da casa - Membros da familia - Adxectivos para describir lugares - Animais 			
Unit 5. How are you look like?	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - . Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe. - Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación. - Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa 		3º TRIMESTRE	6 de abril-7 maio 15 sesións

		contorna.		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa. - Descrición de si mesmo/a. - Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa. - Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares... - Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade. - Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo - Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta. - Descrición de persoas, plantas e animais. - Realización de preguntas e respostas sobre habilidades (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I can't). - Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet). - Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing). - Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?). 		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa (Where are you from?, I'm from..., Are you from...?) 		

		<p>Yes, I am/No, I am not, Is he/she from...? Yes he/she is/No, he/she isn't..., Are you (Portuguese)? Yes, I'm/No, I am not)).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa. - Descrición dun mesmo/a (I've got (blue eyes) and (dark hair, I'm (a nurse)) 		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Cores - Roupa - Adxectivos para describir persoas e cousas - Países e nacionalidades - Continentes - Partes do corpo e da cara - Estado de ánimo e sentimentos - 		
Unit 6. Going shopping	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe. - Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos 		<p>10 de maio- 14 xuño</p> <p>15 sesións</p>

		<p>proporcionan as tecnoloxías da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Funcións comunicativas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda. - Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade. - 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> - Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's (one) pound and (fifty) cents). - Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?). - Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't). - Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)). - Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?, It's...). - Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?). 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4 LÉXICO ORAL DE ALTA FRECUENCIA 	<ul style="list-style-type: none"> - Numeros cardinais ata o 1000 - Comida - moeda 			

MATERIAIS DE REFERENCIA PARA TODAS AS UNIDADES:

Non temos un libro de texto de referencia, polo que cada unidade é elaborado con distintos recursos tanto físicos como dixitais. O alumnado segue a materia a través do blog que creamos o profesorado de inglés do centro (<http://englishclubhj.blogspot.com/>) e da aula virtual.

- Blog de aula con enlaces a recursos dixitais: cancións, historias, imaxes, xogos
 - Páxinas de referencia para as destrezas orais (historias, cancións, vocabulario): Supersimple songs, the singing walrus, WOW English TV, youtube, english sing sing
 - Páxinas de referencia para destrezas orais e escritas: Liveworksheets, learning apps, twinkl, sparkle box, ISLcollective, video lessons..
- Storybooks. Libros ingleses para nenos: the gruffalo, libros do autor Eric Carle
- Enlaces dixitais ou interactivos a materiais de diferentes editoriais.
- Programación de aula
- Material de elaboración propio (xogos e fichas)

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- **Aspectos xerais:**

O profesorado definitivo de lingua estranxeira ten unha liña de traballo único e similar na aprendizaxe da lingua inglesa dende 1º de EI ata 6º de EP.

Estas son as razóns que nos levan a plantexarnos a ensinanza do inglés deste xeito:

- A necesidade de cambio que reclama sociedade e que é imprescindible para conectar co alumnado.
- Poñer en práctica novos coñecementos do profesorado que se van acadando coa súa formación permanente.
- Darlle máis autonomía ao alumnado na súa aprendizaxe.
- Falta de motivación do alumnado de cara ao proceso de aprendizaxe.
- Integrar as novas tecnoloxías na aula.

O NOSO PRINCIPAL OBXECTIVO:

- Interese por usar o inglés en situacións diversas e confianza na propia capacidade para realizar e comprender producións orais e escritas sinxelas en contextos coñecidos.

- **Estratexias metodolóxicas**

A MOTIVACIÓN: A motivación é un factor clave que debe estar sempre presente no proceso de aprendizaxe e non debe ser entendida como unha técnica ou método de ensinanza. Mediante a motivación entra en xogo o concepto que cada alumno ten de si mesmo. Este autoconceito é o resultado de analizar, valorar e integrar toda a información lograda das vivencias propias e da opinión de outros, como amigos, familia e docentes.

Esperamos que a elaboración significativa das tarefas escolares na aula de inglés xeneren motivación intrínseca, ao contrario das tarefas rutinarias, memorísticas, repetitivas e descontextualizadas.

O ROL DO PROFESORADO: O profesorado debe facer todo o posible para axudar ao alumnado e despertar a súa curiosidade. Se o profesorado está motivado, o alumnado tamén o estará. O profesorado de Inglés do CEIP Humberto Juanes traballará en equipo e dentro dos diferentes “clubs” das aulas será un profesor-guía, realizando tarefas de acompañamento e motivando ao alumnado na consecución dos obxectivos plantexados.

O XOGO COMO ESENCIA DOS “CLUBS”: O xogo está na base, na esencia dos “clubs”. O xogo con intencionalidade educativa serve para disfrutar, experimentar, madurar interiorizando e exteriorizando vivencias. A necesidade creada a través do xogo é a que move ao alumnado a aprender. O xogo debe conectar coas intereses e motivacións propias da idade do alumnado. NON debe ser un xogo competitivo, se non que só debe suponer un esforzo para superar retos.

UN ‘PARA QUE’: TAREFAS: Tódolos “clubs” teñen un para que en se mesmos ou en saída ao ‘exterior’ (a través da radio, dos boletíns que vaian creando, dos teatros, explicacións a outras clases, etc). Este ‘para que’ xenera auto esixencia, gañas de facelo ben e un ter en conta a quen vai dirixido o traballo. Conecta co ‘agora’, xa que non traballan para un futuro, se non para un aquí e agora onde o alumnado vive e aprende.

O TRABALLO EN EQUIPO E COOPERATIVO: Co traballo en equipo buscamos que cada un dos alumnos vexa que pode aportar moito á consecución dos obxectivos. Ademais, co traballo en equipo búscase tamén que o alumnado teña empatía cos demais compañeiros, sendo capaces de axudar, ponerse en lugar dos

demáis, ser conscientes dos diferentes ritmos de aprendizaxe, liderar diferentes actividades e sobre todo darse conta de que todos temos algo que nos pode sair ben. O feito de ir rotando por diferentes “clubs” fará que dentro do equipo se descubra quen é bo coas TICs, quen é bo facendo teatros, elaborando historias, etc.

IMPORTANCIA DA AUTOAVALIACIÓN: Cada alumno será consciente do que vai aprendendo.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

- Unha sesión de 50 minutos. Adicarémola a traballo máis teórico.
- Unha sesión de 100 minutos (1 hora y 40 minutos) de traballo en equipo por recunchos aos que chamaremos “clubs” unha vez a nova unidade e os seus contidos estén introducidos e poidan comezar a úsalo de xeito comunicativo.

SESIÓN TEÓRICA: (50 min)

Distribuirande da seguinte maneira:

15 minutos de “warm up” de traballo colectivo: data, tempo atmosférico, preguntas de información persoal. Sitúaremonos na planificación do traballo coa finalidade de saber en que momento da lección estamos traballando, reflexionando o que se leva feito ata o de agora.

Unha vez rematado farase o traballo programado para esa sesión, que dependerá do número da sesión que sexa dentro da unidade didáctica.

Posibles actividades a realizar: cancións, escoitar/ler historias, exercicios de adquisición de novo vocabulario e estruturas gramaticais, xogos en gran grupo...

SESIÓN “ENGLISH CLUB” (100 min)

10 minutos: Warm up colectivo, situarse cada grupo no seu “club”, repasar as tarefas a facer en cada un deles.

Resto da sesión: Rincóns de traballo.

Estructuraremos a aula en 3 ou 4 rincóns de traballo, dependendo do proxecto ou da tarefa: 2 ou 3 grupos acudirán a cada currunchito.

- **CONVERSATION CLUB:**

Traballaremos as destrezas orais (listening and speaking) de maneira individual e en grupo.

Posibles actividades: Escoita e comprensión de diálogos que simulen situación reais de narracións orais adecuadas ao seu nivel ou de textos orais sinxelos de carácter informativo, práctica de diálogos en grupos e por parellas, facer e responder preguntas, traballo audiovisual co ordenador (cancións, rimas, retahílas, xogos, exercicios, ...), xogos de práctica oral.

- **WRITERS CLUB:**

Traballaremos as destrezas de lectoescritura (Reading e Writing), de maneira individual e en grupo.

Posibles actividades: exercicios de comprensión lectora, exercicios de expresión escrita, seguir instrucións, xogos de formación de frases, spelling, ler en alto aos amigos, seguir a lectura de libros escollidos, escribir textos a partir de modelos (notas, cartas, postais, invitacións, ...), relacionar textos

con imaxes ou representación gráfica dunha situación, completar textos sinxelos con apoio de imaxes, completar textos de cancións coñecidos co apoio de audicións.

- REAL LIFE CLUB:

Traballaremos as 4 destrezas de maneira globalizada e contextualizada para facer unha tarefa en formato dixital para o cal se empregarán diferentes apps e programas de tablets, cámaras de fotos... As tarefas finais reflectirán perfís de traballo do mundo real: xornalista, locutores de radio ou televisión, escritores, actores, diseñadores,...

Posibles actividades: Cómic, revistas, panfletos, noticias, anuncios de televisión, parte meteorolóxico, programas de radio, cartas de restaurante, publicidade...

- Computer or DIY CLUB:

Computer: Neste recuncho faranse traballos/libros LIM no ordenador que temos habilitado na aula.

DIY: Tamén se requerirá, segundo a lección o precise, que o alumnado participe na elaboración de materiais relacionados coa unidade como vía para xenerar materiais e elementos expositivos que recollan os contidos da lección. Estes traballos serán intergrupais.

